



RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO DÍA 16 DE ABRIL DE 2010

O día 16 de abril de 2010, ás 10:30 h en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [ANEXO I](#).

1. Informe do Sr. Reitor

O Sr. Reitor comeza esta sesión ordinaria do Claustro co primeiro punto da orde do día para trasladarlles aos señores claustrais algunhas reflexións sobre os asuntos máis importantes da política universitaria que están nestes momentos sobre a mesa de debate no Sistema Universitario Galego. Nun punto posterior da orde do día sinala que tratará, de xeito específico, o balance da xestión do ano 2009, que desde hai uns días está ao dispor da comunidade universitaria no sitio da Universidade da Coruña na Rede.

Hai uns meses, con ocasión da apertura conxunta do curso académico, aquí, no noso Paraninfo, expresamos diante da máxima autoridade de Galicia, a nosa disposición e a das outras dúas universidades para procurar, con lealdade e con responsabilidade, un sistema universitario galego sólido e coordinado. Repetimos daquela a nosa fe no artellamento do futuro das universidades galegas desde unha óptica de sistema. Formulamos de novo a nosa convicción de que a mellor forma de servir ao noso país é facelo sumando enerxías, rendibilizando sinerxías e aproveitando mellor os recursos materiais e humanos dispoñibles. O contexto social e, sobre todo, económico en que estamos desenvolvendo o traballo cotián reforzan a pertinencia deste criterio. O acordo marco de cooperación das tres universidades do sistema universitario de Galicia, consensuado en xaneiro último, vai nesa dirección. Un pacto que subscribimos con satisfacción, porque enlaza con esa idea de coordinación e cooperación no seo do sistema universitario galego que vimos defendendo. Compartimos a consideración, explicitada no texto, de que a competición entre universidades públicas por captar estudantes, recursos e infraestruturas provoca tensións no sistema, animadas moitas veces desde fóra da institución, que distorsionan a liña de traballo dos nosos campus. Son tensións estériles e empobrecedoras. Compartimos o criterio de que, no contexto actual e no deseño do futuro inmediato que se albisca, as alianzas son tan importantes como as capacidades propias.

Os recursos son cada vez máis escasos e a crise económica vén agudizando, de xeito máis ca notorio, esa sensación de escaseza, case de fabas contadas, que

nos leva á procura de fórmulas de entendemento e de traballo en común para reforzarnos sen que cadaquén perda a súa propia identidade.

Modelos de colaboración e de complementariedade na liña do que xa se está a facer, con éxito, en moitos dos novos mestrados oficiais e nalgúns doutoramentos.

Abonda botar unha ollada ao que se está facendo noutras comunidades españolas e noutros países para comprender que esas *“iniciativas de cooperación e agrupación de recursos”*, que se mencionan no acordo que estou a comentar, son o camiño escollido por aquelas universidades que foxen de illamentos suicidas e mostran a flexibilidade intelixente precisa para adaptarse aos cambios sociais, políticos e económicos que perfilan o marco en que nos desenvolvemos.

E, por suposto, estas iniciativas contan co apoio das administracións públicas, algo ao que a Xunta de Galicia tamén se comprometería.

Cómpre subliñar que o acordo ten carácter marco. Xa que logo, deberá ser desenvolto en posteriores convenios específicos para concretar ou desenvolver os principios e os eixes que se expoñen no seu texto.

A experiencia positiva de mestrados e programas de doutoramento anima a explorar camiños semellantes no ámbito dos graos, de xeito que se constrúa un novo marco de colaboración a nivel docente.

Estas novas fórmulas de cooperación para optimizar recursos materiais e humanos abrirán a posibilidade a que, como reza textualmente o acordo, *“as universidades poderán colaborar cos recursos de que dispoñen na docencia de graos dos que carecen, pero que si existen noutras universidades do sistema universitario galego”*.

A colaboración no ámbito dos graos –obviamente moito máis complexa– requirirá de convenios específicos, onde se deberán precisar todos os detalles, como serían os relacionados co profesorado ou cos mecanismos de compensación.

“Colgando” deste acordo marco, na estela dese espírito de colaboración, o 26 de febreiro asinouse un acordo a varias bandas para a colaboración na docencia do grao de Medicina.

Precisa que cando di “a varias bandas”, quere salientar que o documento, titulado “Bases para a cooperación universitaria na docencia do grao de Medicina”, foi asinado polo conselleiro de Educación, pola conselleira de Sanidade e polos reitores das universidades de Santiago, Vigo e A Coruña. Trátase, pois, dun documento relevante secundado por dous membros do Goberno galego e polas tres universidades do país.

A organización da docencia clínica nas titulacións de Ciencias da Saúde –sobre todo na de Medicina– resulta urxente, pola necesidade de implicar nela os hospitais clínicos da Coruña e de Vigo, adscritos ás súas respectivas universidades. Un grave problema que había que afrontar e que había que afrontar seguindo a letra e a música do acordo marco entre as tres universidades.

De seguro, os aspectos esenciais deste acordo, de ampla repercusión mediática, xa son coñecidos polos señores claustrais. Unha comisión mixta da Xunta e das tres universidades avaliará as necesidades da docencia clínica e planificará as convocatorias de profesores colaboradores docentes, que impartirán a docencia clínica xunto cos PDI con prazas vinculadas aos hospitais universitarios.

En función das necesidades e das posibilidades, ábrese a porta á docencia teórica nos propios centros sanitarios, en materias de 4.º, 5.º e 6.º curso de Medicina.

En definitiva, unha opción de colaboración necesaria nun ámbito en que a Universidade da Coruña viña reclamando a súa participación. Unha fórmula de cooperación razoable en que todo o mundo sae beneficiado (sobre todo os estudantes), en que se aproveitan mellor os recursos humanos e os materiais existentes. Nós vémolos así e gustaríanos que non se desenfocara ou simplificara o resultado práctico deste acordo expresándoo en termos de vitoria ou derrota de ningún.

Sen dúbida, a ningún se lle escapa que esta alternativa para a formación clínica dos futuros médicos galegos tamén veu condicionada por factores económicos ou, se se prefire, pola política de austeridade con que a Xunta de Galicia enfrenta a dura crise económica que atravesamos desde o verán de 2007.

O financiamento da nosa Universidade para os anos vindeiros é unha das grandes preocupacións do meu equipo de goberno. O plano de financiamento 2005-2010 remata este mesmo ano. A Xunta convocou as primeiras reunións para elaborar un novo plano coa pretensión de telo rematado antes do verán, un prazo que posiblemente teña que revisar.



O escenario non é bo. Ao recorte aplicado xa nas partidas do orzamento da Xunta de 2010 para educación universitaria fixémoslle fronte tirando da nosa boa xestión en anos anteriores. Créanme que as perspectivas son complicadas e que algunhas declaracións públicas de membros do Goberno galego fannos temer que as universidades galegas non se van librar da redución do gasto social nos anos inmediatos.

Estamos preocupados. Para ser exactos, moi preocupados. Non veñen tempos bos para ninguén e seica as universidades non imos ser, por desgraza, unha excepción. Se xa eramos un dos sistemas universitarios españois peor financiados, corremos agora o risco de que as diferenzas se agudicen, de que se perdan oportunidades e de que as universidades se distancien desa centralidade na sociedade e na economía do coñecemento que, a través de declaracións das conferencias de ministros de Educación e de documentos da Comisión Europea, vén propugnando a Unión Europea nos últimos dez anos.

Andamos en precario e estamos a reclamar que as institucións galegas interioricen a idea de que as universidades non son un gasto, senón o mellor investimento para o futuro do país, como evidencia calquera análise comparativa cos países do noso contorno cultural.

No acordo marco das tres universidades reclamámoslle á Xunta de Galicia “*que non debilite as nosas capacidades docentes, de investigación e de transferencia de resultados*”. Cómpre altura de miras e fórmulas que fuxan dun “curtopracismo” miope que, paradoxalmente, hipoteque a saída da crise e o tránsito a unha nova economía.

En resumo, estanse a dar os primeiros pasos para o novo plano de financiamento do sistema e os sinais que percibimos non son nada tranquilizadores.

Por último, o Sr. Reitor refírese tamén ao traballo que se está facendo para presentar a candidatura da Universidade da Coruña a campus de excelencia na vindeira convocatoria do Goberno central, cuxos termos exactos aínda hoxe son descoñecidos.

O programa do Ministerio de Educación pretende que os campus alcancen a excelencia desde a súa propia singularidade científica e académica e mediante agrupamentos estratéxicos. Quérense orientar esforzos e sinerxías cara o obxectivo concreto de crear un polo de xeración, difusión e transferencia do coñecemento nas tecnoloxías para a sustentabilidade. Un polo que contribúa de

xeito vertebrador ao desenvolvemento económico, social e medioambiental da rexión urbana configurada polas áreas metropolitanas da Coruña e de Ferrol.

Hai moita xente implicada neste complexo proceso de elaborar a documentación que se require. Coido que se está facendo un traballo moi serio e moi sólido, calidades que serán imprescindibles para contar con posibilidades de sacar o noso proxecto adiante, en competición con outras importantes universidades españolas.

A Universidade da Coruña aspira a poñer en marcha un Campus das Tecnoloxías para a Sustentabilidade Económica, Social e Medioambiental. Este Campus de Tecnoloxía e Sustentabilidade sería unha ferramenta transversal, un proxecto de todos para integrar recursos cara a consecución dun obxectivo común.

A convocatoria dos campus de excelencia internacional ofrécenos a oportunidade de reforzar a liña de traballo que vimos seguindo sobre a base de planeamento estratéxico e dos planos de infraestruturas.

Non estamos a inventar nada, senón a continuar a estratexia que nos guía e coa que xa concorremos á convocatoria que no seu día fixo a Administración autonómica para potenciar a excelencia nos campus galegos.

En liña co acordo marco anteriormente comentado, as tres universidades galegas comprometemos apoio mutuo para os respectivos proxectos de campus de excelencia, que son unha magnífica oportunidade para mostrar a vontade sincera de cooperación e complementariedade das tres institucións.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior

Áprobase a acta da sesión ordinaria do Claustro, que tivo lugar o día 26 de marzo de 2009, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña, coa debida antelación, para a súa consulta por parte dos membros do Claustro, logo da incorporación das suxestións realizadas pola Sra. Fernández Esteller.

3. Aprobación, se proceder, Memoria de xestión 2009. Informe do reitor para o Claustro

Para cumprir os artigos 25.2.k (correspóndelle ao Claustro «debater e aprobar, se é o caso, o informe anual de xestión do reitor») e 36.1.m (correspóndelle ao reitor «presentarlle ao Claustro, para a súa aprobación se



proceder, unha memoria anual da súa xestión») dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Reitor presenta, a memoria de xestión correspondente ao ano 2009, que figura no seguinte enderezo electrónico <http://www.udc.es/sobreUDC/reitor/documentos/memoria2009.html> e pronuncia o discurso que se recolle no ANEXO II.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que toma a palabra a Sra. Rey Graña. Refírese aos indicadores para o seguimento do Plano estratéxico, dos que di que son subxectivos, e que se clasifican en alto, baixo e parcial, por iso quere saber os criterios polos que se rexe esta clasificación. Di que na súa facultade non viu ningún plan de mellora. Gustaríalle que os indicadores fosen máis cuantitativos do que o son na actualidade para ter unha valoración obxectiva do cumprimento do Plano estratéxico.

Toma a palabra o Sr. Castedo Ribas, quen informa de que só se concederon cinco mencións do Campus de Excelencia. Di que é comprensible que a UDC non se presentase, xa que os seus números en termos de investigación son bastante exiguos comparados con outras universidades. Salienta que UDC só conseguiu o 16% do financiamento da Xunta de Galicia, cando a USC acadou o 60%. Preocúpalle o financiamento futuro, que entende que vai ir vinculado á calidade e esta á investigación. Preocúpalle que a xestión da investigación non sexa eficiente. Tamén lle preocupa a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Pon como exemplo Informática, onde nove de trece catedráticos se manifestaron en contra. Suponse que o que se fai, faise para adaptarse a Europa, pero cústalle crer que outras universidades fan o mesmo que a UDC, porque a Europa non se está a converxer.

Toma a palabra o Sr. Teijeiro Vidal, que fala da memoria da USC, en que se reflicte que en 1.º de Medicina poderían entrar ata 450 alumnos, e na que se recolle o acordo da USC co SERGAS e coa UVigo e coa UDC. Para el este acordo é importante pero frouxo porque non fai referencia a ningunha licitación e os profesores da UDC que non están no Hospital Universitario quedan excluídos. Desexa a colaboración das tres universidades e que a UDC loite por un título de grao compartido de Medicina.

Toma a palabra o Sr. Serantes Villadóniga, quen fala da baixa participación na avaliación docente (19%). Asegura que o sistema de avaliación de calidade non funciona, algo que será fundamental coa implantación dos novos títulos. Pregúntase tamén quen fai a avaliación económica no referente á investigación, quen fai programas de investigación para avaliar as probas e os resultados, a redacción dos activos ou quen fai o mantemento das infraestruturas; salientando que debe haber unha estrutura en que o IP coordina e dirixe e os investigadores



en formación fan outras tarefas correspondente a unha cadea de mando. Pensa que se están machucando os investigadores en formación e di que non están representado no Claustro, posto que non hai representación dos contratados con cargo a proxecto. As subvencións aos cursos e os dereitos igualitarios cos PAS non se aplican, segundo a súa opinión. Pregúntase por que se machuca o traballador puro e duro, cando se debería beneficiar. Tamén pregunta pola posibilidade da impresión gratuíta dos apuntamentos.

Toma a palabra o Sr. Pereira Martínez, quen critica a falta de regularidade do Claustro, pois as reunións que se fan do Claustro son as mínimas necesarias. Ademais, apunta que o feito de se aplicar rápido o EEES non é motivo de orgullo, senón que hai moita xente que pensa que é unha vergoña.

Toma a palabra o Sr. Belay Fernández, quen di que a maioría das comisións de normalización lingüística dos centros están paradas, péganse carteis e pouco máis. A Oficina de Software Libre pechou en decembro e a raíz diso presentouse un manifesto de protesta asinado por cincocentas persoas do que non se obtivo ningunha contestación. Gustaríalle ver no informe os erros e as incidencias relativas á plataforma para poder facer unha mellor valoración do seu funcionamento. Non entende a distinción entre Aula de Música e outras músicas, tendo esta última contidos como ópera ou zarzuela, moi “interesantes” para o alumnado, e que conta co 80% do orzamento, mentres que non hai oferta cultural diferenciada con ese peso, como pode ser folk, jazz ou rock.

Toma a palabra o Sr. Fernández López. Considera meritorio o feito de que se acabase a RPT de funcionarios de 2005, por primeira vez na historia da UDC e que se puxesen en marcha novos procesos selectivos de PAS funcionario. Na xestión do PAS, historicamente falando, o ano pasado non foi un ano baleiro para nada, nunca tanto se fixo. Son tantos os problemas que hai enriba da mesa, porque se queren solucionar, que é moi difícil afrontalos coa actual situación de Xerencia, que é imprescindible reforzar a súa xestión. A memoria é moi breve porque a xente que está en Xerencia non está en situación de redactar memorias moi longas. Indica que as axudas para os cursos do Centro de Linguas non teñen que se limitar só ao inglés e ao francés, senón a todas as linguas e a todos os colectivos da UDC. Sorpréndese de que non se promova o portugués. Con referencia ao PAS laboral, di que son tantos os procedementos en marcha que deben ser claramente ordenados porque senón créase moita incerteza.

Toma a palabra o Sr. Canle López, quen considera que se avanzou en diversos ámbitos da Biblioteca Universitaria e que se aprecia un incremento importante por parte de usuarios externos, algo que habería que fomentar. Diminúen as consultas de bases de datos e aumentan as descargas de artigos dixitais. A



xestión do Servizo de Apoio á Investigación foi moi eficaz. Destaca que si que se recolle na memoria o persoal contratado con cargo a proxectos. Por outra parte, fala do incremento dos financiamentos estatal, europeo e autonómico, en que os dous primeiros compensan o leve incremento do último. Como é posible que quede orzamento autonómico sen aplicar cando hai unha diminución de 800.000 euros a este respecto para a UDC? Incrivelmente a Xunta, o ano pasado, non fixo convocatoria de bolsas para mestrado e este ano fíxoa por seis meses. No tocante a proxectos concedidos, a UDC mantivo a cantidade de anos atrás, mentres que a Universidade de Vigo descendeu neste aspecto.

Toma a palabra o Sr. Abalde Alonso. Sinala na súa intervención que o futuro das institucións de educación superior se define en como se xestione a adaptación ao EEES que afectará decisivamente á calidade da súa oferta académica e formativa no futuro. A docencia que se imparte e a súa calidade é o elemento que define as universidades e é unha función exclusiva, xa que a investigación, outra función tamén importante, é compartida con outros organismos públicos e privados de investigación, centros tecnolóxicos etc. Por tanto, como se efectúe esa adaptación debe ser un aspecto prioritario da xestión dun quipo reitoral responsable. Pois ben, este equipo reitoral desenvolveu con celeridade e eficacia os mecanismos necesarios para logralo. A transformación dos títulos realizouse establecendo previamente un marco común para que os centros, en estreita colaboración coa Vicerreitoría de Ordenación Académica e Titulacións, definisen a súa oferta con autonomía e responsabilidade. Este proceso ordenado deu como resultado que xa estean en marcha 26 graos e neste momento están pendentes da resolución de verificación o resto, 12 graos, que ao tratarse de titulacións técnicas, precisaron que se aclarase o panorama lexislativo. Por tanto, o proceso de transformación dos títulos desenvolveuse con orde, en tempo e cunha relativa tranquilidade, grazas á acción decidida do equipo de goberno e á colaboración de toda a comunidade educativa: PDI, PAS e alumnado. Pero o traballo do equipo non só se cinguiu a este proceso, ben ao contrario, foi decisivo o seu impulso e apoio para dotar os centros dos procedementos que permitisen realizar o seguimento dos títulos implantados. Neste sentido, participou activamente cos centros no deseño dos seus Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC) participando no programa FIDES-AUDIT, promovido pola ACSUG e ANECA. Na primeira convocatoria, a nosa universidade obtivo certificación de 20 centros, a universidade do Estado que máis centros certificou, e nesta convocatoria certificáronse os restantes, co que a posta en marcha dos graos se efectuará cun SGIC certificado, o que garantirá a mellora continua da oferta. Para os que lles gusta establecer comparacións, as outras institucións do SUG certificaron 11 centros e 0 centros cada unha na primeira convocatoria. Sobran as palabras. Pero non só iso, púxose en marcha a primeira convocatoria do Programa de Avaliación do Profesorado DOCENTIA,



tamén certificado e recoñecido a nivel estatal. Efectuouse a primeira avaliación o pasado ano e neste momento desenvólvese a segunda. Un elemento importante, non único, deste proceso é a enquisa de satisfacción do profesorado e do alumnado. Neste aspecto, aínda que os datos melloran aos poucos, niveis medios de participación de 40% en profesorado e do 20% entre o alumnado, indícanos que é necesario un importante impulso a este proceso. Animamos o equipo reitoral a que poña en marcha medidas que permitan que esta participación aumente e estamos seguros de que o fará. Xunto con este procedemento de mellora do proceso docente, o equipo de goberno segue traballando na posta a disposición dos centros, profesores e alumnos de novas e potentes ferramentas que faciliten as actividades docentes: a implantación e mellora da Plataforma Moodle, que aínda ten unha baixa utilización polo PDI, o sistema de xestión das guías das titulacións e guías GADU, plataforma de xestión dos SGIC etc. En conclusión, o traballo deste equipo reitoral, serio, responsable, constante e en estreita colaboración cos centros e coa comunidade educativa, está a preparar a UDC para que o tránsito ao EEES se realice nas mellores condicións, sentando as bases para o desenvolvemento, a calidade e a mellora da oferta docente, garantía de futuro para a nosa universidade, tanto no ámbito español coma no europeo.

Toma a palabra o Sr. Dopico Calvo, quen sinala, sen querer recorrer ao manido tópico da crise actual, que o certo é, e a ninguén se lle poderá escapar que, coa que está caendo aí fora (e pregúntenlle tanto á sociedade en xeral como a moitas universidades públicas en particular) a memoria de xestión que se presenta ao Claustro, e particularmente a súa memoria económica, permítenos reflexionar, e coa certeza de non equivocarnos, de que esta Universidade está afrontando o actual contexto socioeconómico adverso co rigor orzamentario e coa responsabilidade académica necesaria para poder desenvolver os proxectos e os compromisos electorais adquiridos e, ao respecto de necesidades docentes e calidade da docencia, da creación e consolidación do cadro de persoal do PDI (e do PAS), e a súa promoción cualificada, do investimento no campo tecnolóxico, de áreas e de infraestruturas, da adaptación ao espazo europeo de educación superior, tanto académica (graos, mestrados e doutoramento), como de espazos, ademais dun longo etc. de accións que non se viron afectadas irremediabilmente, como está a acontecer hoxe en día en boa parte da universidade pública estatal. E todo isto cun financiamento que coloca a Universidade da Coruña no último posto das universidades públicas españolas na *ratio* euros por estudante, aspecto que obrigou a deseñar políticas estratéxicas e económicas planificadas que minorizasen esta eiva, e permitisen o normal desenvolvemento dunha institución con vocación universal, de progreso, de calidade e, por suposto, de servizo público, como o vén demostrando ano tras ano. Se ben compartimos a idea de que as sociedades



modernas se caracterizan, entre outras moitas cousas, polo respecto ás opinións formuladas en democracia, non é menos certo que tamén se caracterizan por disentir ou discrepar delas e, a poder ser, con argumentos. A memoria presentada polo equipo de goberno que ten que debater e aprobar o Claustro Universitario constitúe a carta de presentación dunha xestión e dunha universidade cuns resultados determinados no ano 2009, que son presentados no devandito documento; unha memoria que todos e todas podemos coñecer, e posteriormente coincidir coa súa pertinencia, ou diverxer dela; pero a universidade que foi descrita no Claustro desde algún sector, non parece ser a mesma universidade de que estamos a falar todos. Alguén poderá pensar que o contexto económico desfavorable actual, a falta dun plan de financiamento acaído ás necesidades desta universidade e deste momento, a incerteza de como vai evolucionar a crise social que estamos a vivir e outras cuestións son elementos que non poderían nin deberían condicionar en absoluto o funcionamento da universidade, que está case no certo, e boa proba diso témola nos esforzos realizados e nos obxectivos acadados polo actual equipo de goberno, deseñando e executando unha acertada planificación estratéxica e económica, valente, prudente e, ao mesmo tempo, financeiramente viable, aprobada, ademais, por este mesmo Claustro no ano 2008, onde foi aprobada conxuntamente a programación plurianual 2009-2010, así como os seus plans operativos anuais. E na propia memoria descríbense con precisión feitos e realidades, como que en 2009 a evolución das transferencias correntes da Xunta será semellante ao incremento do IPC, aumentando, con todo, por riba do agardado, os ingresos por matrícula (relacionado co número de estudantes); que en todo caso, o avance na adaptación ao EEES garantírase principalmente con fondos procedentes dos recursos propios dispoñibles (porque os había); que se poderán afrontar (insisto, incluso neste contexto desfavorable) os incrementos de persoal (PAS e PDI), así como os investimentos en infraestruturas; que se mantén o compromiso de crecemento de bolsas de estudantes; e que se evitará recorrer ao incremento dos prezos públicos. Incluso xa se fai referencia ao ano 2010, onde a planificación económica garante a continuidade da actividade corrente, incluso nun escenario desfavorable (sen ingresos da Xunta e sen plan de financiamento). Esta é a realidade actual, cos seus pros e coas súas contras; pero o que si semella evidente é que esta situación non se vai poder manter permanentemente, mais os datos, os números, os feitos e as consideracións expresados nesta memoria, están moi lonxe dunha visión catastrofista e ficticia e, pola contra, os argumentos e consideracións positivas aquí manifestadas polo equipo de goberno, e nomeadamente polo responsable da planificación económica, non poden quedar no esquecemento premeditado, e crear unha imaxe ficticia desta universidade, que con moito esforzo, sacrificio e bo facer de toda a súa comunidade, está a sacar adiante o seu principal mandato e



obxectivo, que é o de lle dar un servizo de formación superior, público e de calidade, á nosa sociedade.

Toma a palabra o Sr. Méndez Salgueiro. Asegura, na súa intervención, que a política de bolsas da UDC que se está a seguir é máis que lamentable, que se reduce o orzamento doutros anos, e tarda cinco semanas o proceso administrativo de selección, a que hai que engadir as da convocatoria. Incrementouse o prezo dos créditos un 30% e quere saber onde van eses cartos. Todo isto contrasta coa información por parte do reitor. Critica o funcionamento das avaliacións docentes, das que dubida do seu carácter confidencial e voluntario, pois á xente que quere participar no plano Docentia, se non participou nas enquisas de anos anteriores, négaselle esa posibilidade, malia que se supuña que eran enquisas voluntarias. No seu centro, en tres anos, ningún estudante que solicitou a axuda para facer o proxecto fin de carreira en galego obtivo esa axuda necesaria. Onde están estes cartos que desaparecen e logo hai contratadas externas ou tramitan patentes empresas externas?

Toma a palabra o Sr. López Pereira. Fala de que o alarde de éxitos do reitor xa foi anteriormente posto en tela de xuízo. Cre que hai unha falta de democratización do Claustro. Solicita máis tempo para poder analizar a memoria antes da reunión do Claustro. Lémbra-lle ao reitor que aínda está a tempo de levar ao Claustro o plano de financiamento para que o Claustro o puidese apoiar ou non na súa proposta. Tal e como o expuxo o reitor parece que a universidade menos financiada do Estado Español é á que lle quedan máis recursos. O ano pasado só houbo catro universidades que non concorreron ao campus de excelencia, entre elas a UDC, e o reitor di que agora si irá. Di que a adaptación ao EEES se fai a pesar do equipo de goberno. Lembra que se incumpren os prazos da RPT do PAS laboral. Gustaríalle saber cal é a posición do equipo reitoral sobre o futuro de Medicina na UDC. Solicita que o reitor lle dea máis valor ao Claustro, non simplemente para ler a memoria unha vez ao ano. Na memoria debería ir un asterisco cando haxa só un alumno matriculado nunha titulación para aclarar porque é así, para que non lle chame moito a atención na Consellería de Educación. Critica que na memoria, no relativo aos Isidro Parga Pondal, se poña que hai máis prazos das precisas, xa que supón un risco cando se vaia pedir financiamento. O 2009 foi un ano perdido e espera que avancemos algo no último ano da súa xestión.

Toma a palabra a Sra. Fernández Esteller. Sorpréndelle ler na memoria que se implantaron xa 26 títulos e só faltan dous por implantar. Parécelle abraiante que en Informática só quede unha titulación das tres anteriores á adaptación ao grao, algo que non pasou noutras facultades. No relativo aos POD, un crédito europeo corresponde a 25 horas de traballo do estudante e das que só 10 horas, como

máximo, serán presenciais, aínda que nun novo documento da Vicerreitoría de Profesorado se propón que as horas presenciais sexan sete, ademais de uniformizar o número de alumnos por materia. Non se teñen en conta as circunstancias particulares das titulacións e das materias. Non se pode tratar de forma igual o que é desigual. Esta normativa prexudica as carreiras técnicas da UDC e o seu prestixio nacional, ademais de prexudicar os alumnos ao saírenlles as horas presenciais máis caras.

Toma a palabra o Sr. Pazos Sierra, quen pon de manifesto a súa queixa polo feito de que hai máis dun ano que non se convoca o Claustro. O tema do campus de excelencia foi unha oportunidade perdida, nós aínda estamos no pelotón dos últimos torpes que aínda non entregaron nada. A Facultade de Medicina é vital, e o reitor parece que non a pediu con insistencia e puxo moitos condicionamentos. Segundo o conselleiro, A Coruña manifestou que non quere unha Facultade de Medicina. Dilapídanse recursos e o reitor nega a situación en que estamos. É complexo que o profesorado de Medicina dependa salarialmente do SERGAS, academicamente da USC e administrativamente da UDC. Se a UDC queda sen a titulación de Medicina, o principal responsable será o reitor. Á vista dos resultados, mellor sería que ninguén tivese memoria, porque a xestión do reitor é un cero á esquerda. A oposición quixo colaborar pero non se lle fixo caso. Na memoria constátanse os dispendios da UDC, por exemplo ir en bicicleta á universidade, perigoso na Coruña polo clima; a orquestra universitaria; a horta universitaria etc. Estamos asistindo a un proceso de crispación en todos os sectores da UDC. Para o reitor, o persoal contratado con cargo a proxectos non existe, son "ninguneados". Critica as peonadas que se lle aboaron aos PAS para pagarlles para que fixesen polas tardes o que non facían no seu tempo de traballo. O ano en que toda a cidade da Coruña loita por que a Torre de Hércules sexa patrimonio da humanidade, a UDC exclúea dos seus símbolos. Preocúpalle que presuman de superávit, que ao ser unha universidade pública só significa falta de imaxinación ou falta de capacidade de xestión. Polo tanto, vota que non á aprobación á memoria e dille ao reitor que ten a universidade en coma profundo.

Toma a palabra o Sr. Gabriel Fernández. Sinala na súa intervención que a adaptación de titulacións ao EEES conclúe meritoriamente e agradece o traballo da VOAT. Houbo moitos problemas nos centros, pero é normal. Este novo sistema está pensado para estudantes que asistan con regularidade a clase, polo que a UDC deberá responder ao que vai ocorrer cos estudantes que non asisten frecuentemente a clase. Hai que facer un esforzo para non perder o control sobre os procesos para a mellora da calidade. Haberá que racionalizar a oferta dos mestrados, pois con catro ou cinco estudantes non serán sostibles. Haberá tamén que facer contratación selectiva do profesorado en determinadas áreas de



coñecemento que precisan mellorar para ser competitivas. Pide que haxa un mecanismo que permita un mantemento do material de que se dispón. Felicita os tres reitores das universidades galegas por asinar un acordo de colaboración, destacado no que se refire á titulación de Medicina, por exemplo.

Toma a palabra o Sr. García Mira. Agradece a libre manifestación da opinión plural da universidade no Claustro. Felicita o reitor e o equipo de goberno por rematar o exercicio cunha situación económica saneada, unha lección de xestión para outras universidades. Todo é mellorable, pero hai que recoñecer que se fixo ben. Con relación aos proxectos de investigación, está ben feita a estrutura de grupos de investigación para o bo funcionamento, aínda que hai que internacionalizar a investigación con especialización da súa xestión, dotando de máis cartos a OTRI, por exemplo, e facer os grupos máis competitivos.

En resposta, o Sr. Reitor, salienta o traballo de adaptación ao EEES, o traballo que lles custa a cada un dos centros facer as memorias. A UDC cumpriu os prazos en todo, só se pediu unha prórroga adicional para unha titulación. Chegamos en tempo e forma en todos os graos, froito dunha boa planificación. Trátase dun cambio de modelo, moitas partes impostas, e ten repercusións sobre o modelo de funcionamento. Fíxose un estudo estratéxico do cambio das titulacións, por exemplo, Informática seguiu un modelo que seguen practicamente todas as universidades: un grao en Informática con moitas ramificacións e algunhas outras enxeñaría seguíron ese modelo. Non importa o número de titulacións, senón a forza que poidamos ter. A Consellería de Educación provocou coas súas declaracións que os reitores das tres universidades galegas decidisen funcionar como sistema universitario. A UDC sempre mantivo a mesma idea sobre a titulación de Medicina. O pacto entre dúas consellerías e as tres universidades é un avance. Tamén temos que colaborar no campus de excelencia. Galicia ten que competir con universidades de contornos de poboación moito máis grandes. Fixemos un esforzo moi forte en mecanismos de verificación da calidade. Hai que poñer medios para incentivar que se contesten as enquisas de avaliación. Por outra banda, o plano de financiamento 2005/2010 non acadou os obxectivos, e pedíuselle á Xunta canalizar ese plano, que estaba indexado polos ingresos non financeiros da Xunta, co que esta ten que achegar diñeiro adicional para que a caída do financiamento non sexa tan brutal. Ten que aumentar o número de estudantes universitarios, é unha estratexia europea e no caso de Galicia ten que ser reforzada moito máis. O reitor xa asinou a parte do convenio da Oficina de Software Libre e falta por asinar a outra parte.

Ábrese outra quenda de intervencións, en que participa o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen sinala que os indicadores deben ser

cuantitativos e así están publicados na web. A valoración cualitativa pódese compartir ou non, tiñamos máis de noventa indicadores e había que sacar unha valoración deles. A valoración fíxo a vicerreitor e a Comisión de Asuntos Económicos de una por boa. O 66% dos indicadores ten un nivel de cumprimento alto, por exemplo, os relacionados coa adaptación ao EEES teñen uns resultados moi bos. Detectáronse problemas nos indicadores relativos aos proxectos de investigación e por iso se crearon medidas específicas para mellorar esta situación e un investimento moi especial para mellorar a sección de investigación, para iso serven os indicadores. No referente ao que se comentou da baixada das bolsas, asegura que no orzamento de 2009 o crecemento global das bolsas para alumnos é superior ao 13%.

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Calidade. Di que a UDC é a primeira universidade galega que ten no 100% dos centros un programa de garantía de calidade xa certificado. Agradece o traballo feito polos centros para que iso fose posible e que esta universidade, nese sentido, está moi por diante das outras universidades galegas. Tamén salienta que a UDC foi unha das primeiras universidades en implantar o Plano Docencia en España (este ano é a segunda convocatoria). Para participar en Docencia, o profesorado ten que cumprir unha serie de condicións, entre elas ter cuberta a enquisa de avaliación docente, porque semella incongruente que, se non quere ser valorado, logo participe no programa de valoración. A participación na enquisa de avaliación docente é baixa no referente ao alumnado pero non diferente ao resto de universidades e a Vicerreitoría fai todo o posible para animar unha maior participación. No referente ao Campus Virtual, xustifica a baixa participación do profesorado pola novidade que supón, aínda que a nova versión é máis rápida e máis áxil. Todos os centros tiveron cursos de formación. No referente á Oficina de Software Libre, lembra que o convenio xa está asinado por parte do reitor da UDC e falta que o asine a outra parte.

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Investigación. Fala do problema da xestión da investigación, do que di que todo se deriva dos requisitos e condicións que poñen organismos externos, a UDC non pon requisitos adicionais. E os problemas non só veñen de fóra, senón que son cambiantes, pois ás veces no medio dunha anualidade cambian as condicións, o que fai moi difícil poder tratar todos os asuntos da xestión. Pon como exemplo concesións no mes de decembro que esixen que toda a anualidade se gaste nese mes. Ás veces, as entidades que convocan nin sequera son conscientes da lexislación aplicable. As achegas de investigación tendo en conta o tamaño da UDC e o perfil do profesorado responden ao posto que ocupa que é o que lle corresponde ocupar. É certo que houbo caídas, pero están relacionadas con que caeron os fondos xerais. As outras universidades galegas tiveron caídas superiores. Houbo

tamén programas de mellora, como contar coa investigación á hora de elaborar o POD ou as medidas destinadas a facilitar a elaboración de teses de doutoramento que tiveron efectos moi positivos.

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado. Afirmar que no relativo á adaptación ao EEES, a UDC tomou a decisión clara de optar polo grupo reducido de estudantes para a docencia interactiva, non a expositiva, de 15 ou 20 estudantes. Este modelo, que é unha aposta forte e ten uns custos elevados, ponse en marcha para ter maiores éxitos de eficacia na docencia do grao. O modelo do ECTS mide o esforzo do estudante, nunca o do profesor, pero hai que contabilizar para os efectos organizativos as horas que dedica o profesor. De todos os xeitos, o equipo de goberno está aberto á retroalimentación, abrindo de 7 a 10 horas a docencia presencial. Tamén hai que ter en conta que son recomendacións e esa flexibilidade introduce dificultades organizativas, pero todos asumimos esa complexidade. Para o POD do ano que vén haberá varios modelos de organización docente respectando os acordos do Consello de Goberno como non podería ser doutra maneira. Na memoria expónse a realidade e hai que dicir que nalgúns áreas de coñecemento temos profesorado suficiente.

Toma a palabra a Sra. Xerente da UDC. Con respecto á xestión do PAS, indica que 2010 é un ano con moitos asuntos na mesa, moi complicado, sobre todo no relativo ao persoal laboral. A comisión que se encarga de estudar a RPT do persoal laboral leva constituída desde o 14 de decembro e reúnese dúas veces á semana. Levamos un atraso no calendario de quince días, a negociación está aberta e moi, moi avanzada. Con referencia ás axudas para os cursos do Centro de Linguas, todas as decisións sobre o plan de formación do PAS se toman no seo da Comisión de Formación. Con respecto á demora na resolución das listaxes de agarda que afectan á cobertura de prazas na escala de bibliotecas, sinala que está proposta a súa modificación e está na Asesoría Xurídica. Cubriranse as baixas como se fixo sempre, de acordo coa listaxe e coa resolución. Sobre a extensión da memoria, di que a memoria ten a extensión que ten que ter.

Ábrese unha segunda rolda de intervencións, en que toma a palabra o Sr. Méndez Salgueiro. Fala do Programa Docencia, e di que o ano pasado as enquisas tiveron problemas e levan así cinco anos. Se hai unha vontade de participar nos programas de calidade, considera que se debería buscar unha solución para corrixir iso. Non se lle pode contestar á xente que quere ser avaliada cun correo en que di que non se axusta ao formato específico.



Toma a palabra a Sra. Fernández Esteller. Agarda que, na práctica, o acordo sobre o POD sexa realmente flexible e axeitado. Pensa que ao haber só un grao en Informática e non tres que se perde competitividade, porque iso non o fixeron todas as universidades e, aínda que o fixeran, non sempre hai que facer o que fan todos, se non é conveniente para os intereses da UDC.

Toma a palabra o Sr. Serantes Villadóniga. Pensa que a vicerreitora de Calidade malinterpretou as súas palabras, que el non lle bota a culpa á Vicerreitoría. O deseño está ben, a análise tamén, pero a implantación nesta universidade da avaliación docente, na súa opinión, falla, e di que a el non lle responden as inquietudes que ten. Non entende que os contratados con cargo a proxectos de investigación non figuren na memoria. Segue inquieto porque non se lle responde, dánselle voltas, díselo “eu que sei”, pero non respostas.

Toma a palabra o Sr. Pereira Martínez. Di que na súa carreira hai 30 horas semanais, co paso a 10 créditos ECTS un 33% menos, co paso a 7 créditos ECTS, 53% menos. Agora di que parece que teñen que agradecer a volta aos 8,5 créditos, que supón o 43% menos de clases presenciais. Asegura que se está chegando a algo intermedio entre o sistema actual e a UNED, a educación a distancia.

Toma a palabra o Sr. Belay Fernández. Fala da Oficina de Software Libre, lamenta a súa desaparición. Salienta que o equipo de goberno non fixo caso das recomendacións da dita oficina sobre o feito de empregar formatos abertos.

Respóndelle o Sr. Reitor. Afirmar que no referente aos estándares privativos, case todos os servizos a finais deste ano estarán modificados. Fíxose unha transición conxunta e reforzaranse os formatos abertos. Hai temas concretos, como aplicacións de xestión que comparten as tres universidades, que superan a propia UDC. Di que a aposta que se fai en Informática por un grao faise noutras universidades e non se fai por “seguidismo”, senón que é unha decisión estratéxica. Sobre o Docencia, di que ten dificultades, pero toda a información está dispoñible e as condicións para concorrer ao Programa Docencia levan anos establecidas.

Logo da votación e do recuento realizado polos membros da Mesa do Claustro, apróbase Memoria de xestión 2009. Informe do reitor para o Claustro, con 75 votos a favor, 24 votos en contra e 6 abstencións.

4. Informe do Valedor Universitario

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Valedor Universitario para que proceda, en cumprimento do artigo 104.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, á presentación da súa memoria de actividades. O Sr. Valedor Universitario presenta a súa memoria anual de actividades, que figura no [ANEXO III](#).

Logo da presentación da memoria, o Sr. Reitor agradécelle ao Sr. Valedor Universitario a súa presenza nesta sesión do Claustro e o seu traballo.

A continuación, ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, este di que no Regulamento do valedor universitario se recolle que a Mesa do Claustro será convocada con dous meses de antelación á expiración ao mandato do valedor para elixir precisamente o valedor universitario. O Regulamento aprobouse o 5 de maio de 2006 e o 25 de maio deste ano (2010) cúmprense catro anos de mandato do actual valedor. Fisicamente é imposible que a Mesa do Claustro poida agora convocar un proceso de elección conforme ao establecido. Entendo que, a partir do día 25 de maio, o valedor entra a ser valedor en funcións e procedería que o Claustro fose convocado para a eventual renovación, se esa é a proposta e o ánimo do actual valedor, ou a proposta de candidaturas que corresponda.

Toma a palabra o Sr. Méndez Salgueiro. Lembra que hai un expediente disciplinario contra el, a que tivo acceso para o revisar, e comprobou que aparece un escrito do valedor universitario dirixido ao vicerreitor de Profesorado. (O reitor pídelle que formule unha pregunta sen revelar publicamente o contido do expediente). Pregunta por que está omitido este escrito e por que non ten información diso e por que o reitor non lle contesta aos seus escritos.

Toma a palabra a Sra. González Martínez. Asegura que cando un funcionario se dirixe ao valedor é que antes xa se dirixiu á Xunta de Persoal, que coñece todo o procedemento e sabe todo o que ten que facer. Di que a Xunta de Persoal non é un órgano da universidade para lle contestar ao valedor, senón que a quen lle contestan é ao funcionario que representan. Afirma que non son executores, que non son goberno da universidade e que xa teñen todo falado co interesado.

En resposta, o Sr. Valedor toma a palabra. Contéstalle a Méndez Salgueiro dicindo que o escrito vai dirixido ao vicerreitor polo que non lle ten que dar conta a todos os aludidos. Ademais di que non coñece a situación en que se



atopa o expediente. En resposta á presidenta da Xunta de Persoal, di que se alegra de que saiban os motivos das queixas dalgúns traballadores da UDC, pero cando un traballador da UDC lle presenta unha queixa razoable, débea atender. Parécelle que a Xunta de Persoal non só debería ter coñecemento do que ocorre, senón que tamén deberían buscar solucións, cousa que “polo visto” xa fan. Se as cousas son como di a presidenta da Xunta de Persoal, simplemente con dicir, segundo o valedor, “xa o sabía, xa estamos niso”, é unha cortesía que non implica nada. O valedor di que se mira o regulamento, a presidenta da Xunta de Persoal debería contestar, malia que ela di que non. Dille que entende as cousas doutra maneira dicindo “nós somos universidade, pero non somos universidade”, o regulamento di que son todos os órganos, aínda que di que a presidenta da Xunta de Persoal entende outra cousa e que non lla vai discutir.

Toma a palabra o Sr. Pazos Sierra, quen di que lle resulta chocante dubidar se algún órgano é ou non da universidade ou que o reitor non conteste un escrito do valedor.

Responde o Sr. Reitor. Asegura que xa recibiu persoalmente o valedor e que contestarlle por escrito pode dar lugar a situacións como a que se acaba de producir en que non quere profundar. O reitor di que contesta sempre que sexa posible e que se remite aos vicerreitores cando son temas específicos deles. Lembra que se están a facer, en moitos casos, adaptacións para persoas con discapacidade, aínda que no Pararinfo, as valoracións de acceso e mobilidade son negativas, pero as solucións non son fáciles. Estudantes de Fisioterapia fixeron un estudo e dixeron que o Pararinfo suspendía neste aspecto. Fai referencia tamén ao pagamento das bolsas do Programa Leonardo, que é un programa especialmente complicado, aínda que estas bolsas se cobran ao final e a UDC o que fai é adiantar ese pagamento. Di que están a buscar solucións.

5. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra a Sra. Rey Graña. Fala da Plataforma Moodle, de que foi usuaria desde que se implantou, pero deixa constancia de que dá moitísimos erros, é moi complicada para traballar con ela, pero ten moitas posibilidades e sería moi interesante melloralala.

Toma a palabra o Sr. Pazos Sierra. Pregunta se é o primeiro reitor que lle abre un expediente disciplinario a un profesor, director dun centro, desta universidade.



Toma a palabra o Sr. Cudeiro Mazaira. Pregunta cal é a situación actual do Instituto de Ciencias da Saúde, un instituto mixto participado polo SERGAS e UDC. Di que non houbo eleccións en moito tempo no Instituto.

Toma a palabra o Sr. Belay Fernández. Fala dos bolseiros que están aínda sen cobrar, como é o seu caso, que é bolseiro da Oficina de Medio Ambiente. Quéixase do sistema de notificación por SMS das cualificacións, do que di que os profesores non fan un uso correcto.

Toma a palabra o Sr. Sánchez García. Di que é unha vergoña o que aconteceu neste Claustro, de que o 50% dos asistentes veñen exclusivamente a votar, o que é unha falta de respecto cara ao resto de claustrais. Pide que o punto que propuxo que se incluíse na orde do día se inclúa tamén así na próxima sesión do Consello de Goberno. Le un texto dun alumno que fai o equivalente ao CAP, o Mestrado de Secundaria, do que di que ten eivas inadmisibles: porcentaxe de presenciabilidade (80%, sen discernir entre ausencias non xustificadas e xustificadas e que impide conciliar a vida familiar coa económica); desinformación absoluta de todo o proceso de organización docente do Mestrado; non está conforme coas enquisas de avaliación docente, que non permiten a confidencialidade; a coordinación do Mestrado mentiu ao afirmar que chegou a un acordo co Centro de Linguas, cousa que se demostrou que non era certa e tampouco se ofreceu a organización de cursos específicos para estudantes do Mestrado; por último, fala da improvisación no horario e na organización das prácticas. Pide infraestruturas: un paso de peóns diante de Aparelladores; unha marquesiña de bus diante de Arquitectura; e finalmente comenta a escasa vixilancia existente nos campus.

Toma a palabra o Sr. Fernández López. Fala do software libre, destaca que se lles esixe nas oposicións aos auxiliares administrativos coñecementos de Open Office. Di que non pode ser que logo, na actividade laboral non se empregue o Open Office e si programas privados. Examinamos dunha cousa e traballamos con outra. Pide que se aclare que liña se vai seguir. Fai un chamamento para fortalecer a Xerencia, dada a gran cantidade de traballo a que ten que facer fronte.

Toma a palabra a Sra. González Martínez. Dálle a razón a Anxo de que moita xente vai ao Claustro para votar. Fai mención de novo ao Open Office, do que di que os prazos están máis que superados para a súa aplicación. Pregunta se as oposicións de auxiliares administrativos e de auxiliares de biblioteca van saír nesta quincena no DOG.



Toma a palabra o Sr. López Iglesias. Fala do servizo de impresións, que só se subvencionan 150 copias por cuadrimestre aos estudantes e o resto cóbranse a un céntimo, algo que calquera profesor sabe que é insuficiente. Pode ser que se cometesen abusos, pero non se pode converter a excepción en regra. Acumúlase ese límite de 150 copias a outro cuadrimestre? No Consello de Goberno, aseguraron que este servizo custou 200.000 euros, logo a Xerencia dixo que eran 100.000 euros. Pregunta canto custou realmente. Pide unha subvención pactada entre os estudantes e a UDC e acordar un número de copias.

Toma a palabra o Sr. González Santos. Fala de inquedanzas dos estudantes Erasmus: non hai diferenzas entre as axudas sen diferenciar entre os destinos; quéixase de que se entreguen os cartos en dous prazos, o segundo deles cando xa están de volta; solicita que se suba a contía mínima; os Erasmus da UDC son os únicos que aínda non recibiron os cartos do MEC; asegura que tampouco se lles deu a axuda para os cursos intensivos de idiomas que se fan no país de destino. Fala tamén das bolsas de colaboración, que se pagan máis aló do día en que corresponde facelo e solicita que se paguen en tempo. Sobre as impresións, di que non se puxo en marcha dun xeito aceptable, pero agradece e valora o traballo da vicerreitora de Estudantes. Felicita o Equipo de Goberno polo seu traballo á hora de elaborar os orzamentos deste ano. Destaca que ao darlle tanta importancia ao tema de traer a titulación de Medicina á UDC, os estudantes do resto de titulacións séntense infravalorados.

Toma a palabra a Sra. Fraga Mosquera. Di que é vergoñento que moita xente vaia ao Claustro só a votar. Asegura tamén que si que hai alumnos na Comisión de Doutoramento, en referencia á intervención anterior sobre o Mestrado en Secundaria, de feito, ela mesma forma parte desa comisión. Pensa que os pasos de peóns que se puxeron na Zapateira son insuficientes e están mal sinalados. A estrada Elviña-Zapateira di que está mal iluminada e precisa poñer unha limitación de velocidade. Lamenta as fochancas que hai no asfalto de Elviña e di que hai que reparalo.

Toma a palabra a Sra. Martínez Rey. Tamén fala da vergoña que é que a xente non quede a todo o Claustro. Pregunta sobre a postura institucional sobre as festas universitarias. Destaca os incidentes na celebración no San Pepe e quere saber se se van a suspender as festas universitarias. Gustaríalle coñecer se a UDC vai colaborar cos organizadores dos patróns e das festas universitarias en temas de seguridade. Pregunta sobre a situación da residencia universitaria.

O Sr. Reitor contéstalle ao profesor Cudeiro Mazaira dicindo que en Ciencias da Saúde hai un organismo, o IMIVIC, instituto mixto entre a UDC e o SERGAS. Di que vai no camiño de integrar aí o Instituto de CC. da Saúde, ía

moi ben e deixou de ir ben, aínda que se mantén a idea desa colaboración. A respecto da estrada de Elviña, indica que hoxe mesmo inaugúrase unha nova rúa en dita estrada polo cal, ten a esperanza de que o Concello arranxe tamén o resto dos desperfectos. Respecto da estrada á Zapateira, depende da COTOP, e non lle corresponde á UDC. Di que as festas universitarias seguirán existindo, outra cousa é o ruído mediático, porque os estudantes da universidade non teñen idade de botellóns. A UDC non organiza botellóns. A UDC ten servizo de seguridade, pero non teñen autoridade para deter a ninguén. Dille ao Sr. Pazos Sierra que cando hai un conflito hai que o resolver, por iso se abren expedientes cando é preciso. Di que lle preocupa cando os estudantes de Informática pretenden pasar todos os apuntamentos ao papel. Di que o camiño é evitar o papel.

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica. Di que é desproporcionado comparar o tema da impresión, que suporá 4 euros ao ano a un alumno, cos nazis, non achega nada esta comparación. Entende que lles amole aos estudantes, pero non entende que sexa un problema moi importante. Detectouse que o sistema anterior de sufragar as impresións en branco e negro coas impresións en cor non funcionaba como se esperaba e decidiuse limitalo. En 2008, cada alumno imprimía 300 follas de media, e supoñía para a UDC un déficit de 80.000 euros. En 2009, a media era de 600 follas por alumno e o déficit de 120.000 euros. Ningunha universidade reconece o dereito á impresión gratuíta. Asume o problema na comunicación nesta medida, pero di que é razoable e que o dereito á impresión gratuíta incentiva unha utilización ineficiente dos recursos. Para o alumnado di que, se algún alumno duplica o límite, saíralle a 4 euros ao ano. Defende a idea de que nun futuro a impresión gratuíta desapareza, porque non existe o dereito de partida. É inevitable porque é razoable. Modularase a súa desaparición.

O Sr. Reitor reconece que o Mestrado de Secundaria ten moitas dificultades. Afirma que confía en que para o próximo ano estea solucionado, que empece o Mestrado en tempo e funcione ben.

O Sr. Reitor remata a quenda aberta de intervencións indicando que todas as peticións e suxestións figurarán na acta desta sesión e que se terán en conta para os efectos oportunos.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 15:00 h.